

VOCABULARIO TEMA 5: As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade

Avaliación de impacto ambiental: Procedemento administrativo que permite identificar os posibles efectos ambientais dunha acción humana durante a fase en que aínda está en proxecto, proponendo medidas para evitalos, reducilos ou compensalos. Por exemplo, antes de realizar unha estrada, unha presa ou un porto, analízanse as posibles consecuencias ambientais e establécense medidas para diminuír os efectos negativos que esa obra poida ter sobre o medio.

Ecosistema: Comunidade natural unitaria ou, polo menos, homoxénea integrada por uns determinados seres vivos (animais, plantas, bacterias), compoñentes abióticos (ou ambiente físico) e uns fluxos de enerxía e materiais. As súas dimensións poden ser moi variadas, por exemplo, un bosque, un humidal.

Efecto invernadoiro: É unha función natural da atmosfera pero que, nas últimas décadas, se acentuou pola actividade humana. A acumulación de gases procedentes da queima de combustibles fósiles e emisións de certas industrias crea unha capa que, como o teito dun invernadoiro, impide saír ao espazo a calor emitida pola superficie terrestre. Esta calor acumúlase e favorece o quecemento global e o incremento de fenómenos extremos, como secas e inundacións.

Paisaxe: Calquera parte do territorio, tal como é percibida polas poboacións, cuxo carácter resulta da acción de factores naturais ou humanos e das súas interrelacións. Por exemplo, podemos distinguir entre paisaxes naturais, agrarios ou industriais.

